

Limiar

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [2009]). “Limiar”. En *Rosalía 21*. Vigo / Santiago: Xerais / Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, 1-15. Reedi-
ción en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cul-
tura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/956>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (2009). “Limiar”. En *Rosalía 21*. Vigo / Santiago: Xerais
/ Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, 1-15.

* Edición dispoñíbel desde o 27 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Limiar

ANXO ANGUEIRA

ABORDAR desde calquera ángulo a figura de Rosalía de Castro sempre impón: estamos tratando co capital simbólico máis recoñecido e aceptado entre o pobo galego. E así e todo, sendo unha figura fundacional da literatura e da nación galega, foi ás veces maltratada por lecturas que forman parte dunha xa longa tónica e que, mesmo involuntariamente, desactivaron todo o potencial poético e revolucionario da súa figura. O presente traballo é parte dun proxecto, Rosalía 21, que pretende precisamente reler a nosa autora á luz de novas claves interpretativas e desde novos modelos estéticos. Facémolo partindo das lecturas pasadas pero sen aspirar a que a nosa sexa definitiva. Unha escritora tan poliédrica, encuberta e fonda, tan chea de matices, non se deixa doadamente simplificar. Estamos certos: seguirá xerando páxinas, músicas, imaxes... Non só porque como autora cimeira da literatura universal endexamais verá esmorecido o interese das sucesivas xeracións, senón porque Rosalía será sempre unha escritora viva, no poético e no político, como referente de Galicia.

Tal e como nos foi encargado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, na persoa de Don Luís Bará, o proxecto Rosalía 21 foi concibido co principal obxectivo, pois, de revisar e reivindicar, desde unha lectura contemporánea, a figura da nosa autora. Ben sabemos a todo o que nos expomos dadas as dimensións e a transcendencia de quen é considerada a escritora nacional de Galicia. Pero tamén asumímo-lo reto conscientes de que é preciso, dados os avances realizados en diferentes aspectos da investigación sobre a vida e a obra, dadas as revisións estéticas e políticas que

se fixeron dos seus contributos, divulgar con esta Rosalía 21 unha nova pulsión contemporánea que sentimos viva arredor de Rosalía.

O proxecto ten tres principais realizacións, as tres complementarias: un espectáculo audiovisual baseado na imaxe e na palabra, na poesía e na música, un disco coas gravacións base dese espectáculo e o presente libro. Quixemos que os tres participasen coordinadamente dun repertorio temático común que gobernase o fondo dos artigos, os textos escolleitos e as intervencións audiovisuais. Este repertorio tiña que ver con nove grandes eixos temáticos que afectaban a nosa proposta de revisión de Rosalía e que formulamos do seguinte xeito, aínda a risco de sermos opacos: a terra, a casa, a emigración, a muller, a sombra, os miserábeis, a revolución, a alborada e Rosalía poeta nacional. Para cada apartado escollemos cadanseu autor. Algunhas opinións, aínda sendo recentes, xa ben se poden considerar autorizadas, especialmente as de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, as referidas ás importantes descubertas que a profesora realizou no aspecto biográfico; ou as de María do Cebreiro, que arredor de Rosalía vén estudando a estranxeiría, a desposesión, o infinito; e aínda as de María López, que fundamentou na súa tese de doutoramento os principios dunha relectura da paisaxe na nosa autora. As demais proceden de autores e autoras que, practicamente inéditos no rosaliano, asumiron para min cun entusiasmo extraordinario a tarefa de nos ofrecerem, cada un e cada unha segundo a súa propia óptica e desde o seu particular campo, a súa lectura de Rosalía. Quixemos, como se pode deducir, abrir Rosalía a novas voces e sensibilidades. Nancy Pérez fálanos da emigración en Rosalía desde A Habana, Iago Castro do poder transgresor, como feminista e non só, da súa obra; Iria Sobrino destaca o poder fundacional e resistente dos prólogos ós poemarios en lingua galega; Xabier Cordal revisa as estratexias literarias, estratexias de liberación da nosa autora; Daniel Salgado reconsidera e perfila a súa dimensión política; e aínda, ademais das traducións ó inglés (das feitas ó francés encargáronse Emma Lázare e Denise Peyroche das realizadas ó español Xabier Xil Xardón), María Reimóndez realizou unha incursión na análise das traducións e recepción que Rosalía tivo fóra de Galicia. Pola nosa parte, á última hora, tivemos que encargarnos de intentar ofrecer unha sucinta visión das consideracións que historicamente se fixeron de Rosalía, como escritora e como icono. E tamén no último

momento Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda infelizmente non puido, por problemas de saúde, entregarnos a súa colaboración. Co seu permiso, nada nin ninguén pode substituíla na investigación biográfica, incluímos algúns parágrafos de dous dos seus artigos máis relevantes.

Non se trata de reproducir ou crear unha visión sistematizada, nin de traballar seguindo un estrito método, nin moito menos aspirar a algo parecido ós sete célebres ensaios que sobre a autora se publicaron a primeiros dos cincuenta. Queríamos abrir Rosalía, chegar a Rosalía con ollos distintos e voces novas. En todo caso, non podo menos que agradecerlles a todos e a todas, articulistas e tradutoras, a súa colaboración entusiasta para que este Rosalía 21 vexa luz en forma de libro e calle así esta relectura feita desde os primeiros relanzos de século.